

**CONCELLO
DE VIGO**



MILLA CIDADE DE VIGO 2026 **E 10K relevos (Mixtos)**

A **Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo**, co patrocinio do **Concello de Vigo** e a colaboración de **Máis que Auga e Atlántico Diario**, organizan a MILLA CIDADE DE VIGO 2026 . Esta proba está incluída no circuito **Run RunVigo 2026**.

As probas estarán baixo o control técnico do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo e estarán suxeitas ao seguinte regulamento:

REGULAMENTO

1.- Data:

A proba celebrarase o **sábado 26 de setembro** de 2026 a partir das 18:00 horas na rúa Lamelas fronte as instalación de Máis Que Auga (Navia).

2.- Saída e Meta:

A saída e meta das probas será dende a zona do Máis que Auga Navia (Rúa Lamelas).

3.- Participantes:

Nesta proba poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, se atopen ou non federadas, habendo unha única clasificación conxunta de cada carreira programada. O control da carreira estará a cargo do comité galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo. Os/as participantes deben cumprir as condicións de participación e inscrición reflectidas no presente regulamento.

4.- Inscricións, prazos e prezos:

As inscrición realizaranse a través da páxina web **<https://magmasports.es/es/eventos/run-run-vigo>**.

Prezos de inscrición:

- | | |
|-----------------------------------|---------------------|
| • Categorías Adult@s: | 6 €. |
| • Categorías peques ata sub 20: | Gratuita |
| • Categoría 10 k (Equipos) | 40€ (equipo) |

O prazo de inscrición rematará o día 23 de setembro ás 23:59 horas.

5.- Horarios, distancias aproximadas e Categorías:

CATEGORÍA	ANOS NACEMENTO	DISTANCIAS (Aprox.)	HORARIO
F3, F4 Y F5	Entre 1967 e anteriores	1.609 M	18:00 horas
M3,M4 Y M5	Entre 1967 e anteriores	1.609 M	18:15 horas
F1 Y F2	Entre 1977 e 2006 (ambos incluídos)	1.609 M	18:30 horas
M1 Y M2	Entre 1977 e 2006 (ambos incluídos)	1.609 M	18:45 horas
	ENTREGA DE PREMIOS		19:00 horas
SUB 16 e Sub 14 Masc.	Nados en 2011,2012,2013 e 2014	1.200 M	19:15 horas
SUB 16 e Sub 14 Fem.	Nadas en 2011 ,2012,2013 e 2014	1.200 M	19:30 horas
SUB 8-10-12 Masc.	Nados en 2015 e 2020	400 M	19:45 horas
SUB 8- 10 -12 Fem.	Nadas en 2015 e 2020	400 M	19:55 horas
10 K equipos (Mixto)	Nad@s en 2010 e posteriores.	10 K	20:05 horas
PEQUES	Nad@s 2020 e posteriores	50 M	20:15 horas
	ENTREGA PREMIOS		20:25 horas

Os horarios e grupos definitivos están suxeitos a modificación en función do número de inscritos para cada categoría e comunicarse con suficiente antelación.

NAS PRBAS DE ADULTOS APLICARANSE AS CATEGORÍAS DO CIRCUITO Run RunVigo 2026.

6.- Percorridos:

Todas as carreiras desenvolveranse na rúa Lamelas , con saída e meta diante das instalación de MQA.

As probas da mila de adultos terán unha distancia de 1.609 metros (Milla) con 4 voltas completas ao percorrido. As demais probas variarán no número de voltas en función da distancia a percorrer.

Na proba de 10 k equipos mixto realizaranse 25 voltas o percorrido con remudas nas que participarán obrigatoriamente tódolos compoñentes do equipo. Haberá unha zona de cambio de atleta habilitada.

Os equipos estarán formados por 4 ou 5 atletas e polo menos con dúas mulleres.

CONCELLO DE VIGO



7.- Entrega de dorsais :

Realizarase nas instalacións de **Máis que Auga Navia** nos seguintes prazos:

- Sábado 26 de setembro na zona da saída a partir das 17:00 horas e até media hora antes do inicio de cada proba.

8.- Premios:

- Recibirán trofeo os/as tres primeiros/as clasificados/as, tanto masculinos como femininos das categorías pertencentes o Run RunVigo.
- Nas probas dende peques ata sub 20 recibirán medalla tódolos atletas participantes.
- Na categoría 10 K equipos recibirán trofeo os tres primeiros equipos de cada categoría.

Os premios entregaranse na praza de entrada a Máis Que Auga nos horarios indicados, 19:00 h e 20:25 h.

9.- Descualificacións.

Será motivo de descualificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o percorrido da proba, non levar o dorsal ou manipulalo, falsificar datos persoais ou manter un comportamento antideportivo.

Todo o non contemplado no presente regulamento resolverase segundo os regulamentos da **FGA**, **RFEA** e **World Athletics** en vigor, por esta orde, para probas en ruta.

10.- Servizo de duchas e gardarroupa.

SERVIZO DE DUCHAS E SPA:

Grazas a Máis Que Auga tódolos atletas participantes no evento poderán facer uso tanto das duchas como das taquillas e da zona de SPA no horario establecido na instalación. Para poder facer uso do mesmo será necesario o uso de gorro de baño e chancas e levar candado ou 1€ no caso das taquillas.

CONCELLO DE VIGO



11.- OUTRAS DISPOSICIÓNS REGULAMENTARIAS.

Non está permitido o acompañamento na proba por ningún vehículo alleo á organización, nin bicicletas, patíns ou persoas **NON** inscritas que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

SERVIZOS MÉDICOS

A organización contará con servizos médicos obrigatorios, dotando de ambulancia na zona de SAÍDA/META. Os servizos médicos e o Xuíz Árbitro da competición están facultados para retirar da proba a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

SEGUROS

Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e Accidentes Deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Afirmo que estou en bo estado físico para a disputa da proba, eximindo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse neste censo á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais membro da organización. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á

organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

CONCELLO DE VIGO



**Federación Galega
de Atletismo**



ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO

Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente **REGULAMENTO**, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e World Athletics, por esta orde, en vigor.

LOPD

Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

NOTA:

Esta proba pertence ao Calendario Oficial da FGA e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo, Complexo Deportivo de Elviña Praza Agustín Díaz, s/n – Salas 15 – 16 – 17, 15008 A Coruña.